

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027770	IES A Sardiñeira	A Coruña	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	15
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	16

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Para a ESO:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía demo- crática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equi- po como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en dis- tintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, res- pectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a edu- cación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversi- dade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e ex- presión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Para o Bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como

as posibles situacións de violencia.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Para os Ciclos Formativos:

Cada un dos títulos profesionais, ten os seus propios obxectivos. No IES A Sardiñeira, impártense ciclos da familia profesional de Química e os obxectivos aparecen en cada un dos currículos.

Ciclo medio de Operacións de laboratorio: obxectivos xerais a partir da páxina 10 (que corresponde á páxina 23803 do DOG Núm. 111 do luns, 13 de xuño de 2016). Ciclo superior de Laboratorio de análise e de control de calidade: obxectivos xerais a partir da páxina 13.

Ciclo superior de Química Industrial: obxectivos xerais a partir da páxina 15.

Ademais dos obxectivos xerais, ditos currículos tamén concretan os obxectivos específicos de cada módulo así como a competencia xeral do título e as competencias profesionais, persoais e sociais.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globales e locais. A finalidade das competencias é integrar todas as aprendizaxes, das distintas áreas ou materias. O estudante poderá así integrar os contidos e utilizalos de forma efectiva en distintos contextos e situacións reais.

Cada área ou materia contribúe ao desenrolo das diferentes competencias.

Estas competencias clave deben contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a como persoa que vive nunha situación social determinada na que algúns dos temas son problemáticos, desde unha concepción humanística, apostando por unha educación nun sistema de valores que podería resumirse nunha actitude democrática,

responsable, tolerante e favorecedora da participación activa e solidaria na sociedade.

Desde todas as materias, búscase que o alumnado adquira a través de experiencias educativas diversas formais, complementarias ou lúdicas as diversas competencias. Adquirense a través de resolucións de tarefas, de proxectos, de probas escritas ou orais, o que fai que o alumnado utilice adecuadamente todos os recursos dos que dispón.

Valoración das competencias.

Na sesión de avaliación final ordinaria, ou extraordinaria e no seu caso, o profesorado decidirá de maneira consensuada e colexiada sobre cada alumno e alumna outorgando, para cada competencia, unhas valoracións. As competencias a valorar son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá. (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Todas as persoas precisan ter estas competencias para o seu desenvolvemento persoal e social.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

En todas as programacións didácticas recóllense os elementos transversais, xa que existe a necesidade de traballar contidos de carácter curricular en todas as áreas e por todo o profesorado, en todos os niveis educativos.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporaranse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transgénero e intersexual. Así mesmo, empregaranse unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Desde o centro fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Os criterios para incorporar os elementos transversais resúmense en:

Fomentar:

Respecto e tolerancia.

Responsabilidade.

Interese pola lectura e escritura e o razoamento científico-matemático. Igualdade entre homes e mulleres.

Defensa dos dereitos de persoas discapacitadas e desfavorecidas. Resolución pacífica de conflitos.

Respecto polas normas.

Protección do patrimonio cultural, natural e artístico. Actitude crítica.  
Defensa da saúde e prácticas saudable

Traballar e ensinar para:

A prevención e resolución pacífica de conflitos. A igualdade efectiva e real

A non discriminación e a inclusión

Valores que sustentan a liberdade, xustiza, pluralidade e tolerancia Respecto aos dereitos humanos

Rexeitamento de comportamentos sexistas e discriminatorios

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

No IES A Sardiñeira desenvolvemos unha metodoloxía activa fomentando no alumno unha actitude crítica, activa e emprendedora.

Os diferentes Departamentos programan actividades complementarias e extraescolares de grande calidade educativa para complementar a formación da aula. Favorécese así, que o alumnado participe en distintas experiencias educativas, que traballe en equipo e en colaboración.

No ámbito das humanidades tamén se desenvolve o espírito crítico, a capacidade de discusión e de decisión e a necesidade colectiva de involucrarse na mellora da sociedade, por exemplo, a través de actividades como o torneo de debate académico, o clube de letras, os diferentes plans e programas de innovación,...

O profesorado debe elixir o método máis idóneo acorde coas características, necesidades e estilo de aprendizaxe do alumno e do grupo. Asumimos a necesidade de utilizar uns métodos que ensinen aos alumnos para pensar, a aprender por si mesmos e a traballar en equipo. O profesor debe ser un mediador que estimule a capacidade crítica do estudante ante a información existente, ensinándolle a establecer xerarquías nas ideas, e a usar mapas conceptuais.

Débase crear un clima que favoreza a comunicación e a relación profesor-alumnos e alumnos-alumnos.

No bacharelato, especialmente, reiteramos a importancia de cas actividades educativas favorezan a capacidade do alumno para aprender, a traballar en equipo e aplicar os métodos de investigación apropiados.

A práctica docente deberá ter presente a atención á diversidade. Deben arbitrarse métodos que favorezan a integración dos alumnos con problemas de aprendizaxe e con necesidades educativas especiais. De igual forma, atenderase aos alumnos que destaquen polo seu interese polo coñecemento.

A práctica docente debe potenciar o desenvolvemento das intelixencias múltiples e das competencias básicas dos alumnos mediante a adopción de distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Isto supón aplicar os principios da aprendizaxe colaborativa, fomentar a aprendizaxe e a autoavaliación, o coñecemento dos demais, estimular a creatividade e a intelixencia diversa, dinámica e distintiva, e incorporar as novas tecnoloxías á nosa metodoloxía,

para achegarnos ás realidades dos nosos alumnos. Corresponde a cada Departamento didáctico fixar a metodoloxía que desenrolará na súa área ou materia.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os Departamentos didácticos poderán establecer os materiais curriculares.

Entenderase por materiais curriculares aqueles que son utilizados no desenvolvemento das clases e que serven de guía ou elemento vertebrador da materia ao longo do curso.

Poderán ser:

Libros de texto. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN e deseñados especialmente para cumprir co currículo vixente.

Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN, que non están deseñados para cumprir co currículo e que poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.

Audiovisuais. Materiais multimedia, suxeitos ou non a dereitos de autor, utilizados para o seguimento da materia.

Os Departamentos didácticos, de maneira consensuada, determinarán os materiais curriculares que utilizarán para as distintas materias e cursos que imparten.

No caso de libros de texto, cada Departamento deberá informar á persoa responsable da Secretaría do centro. Os libros de texto estarán publicados na web do centro.

Evitaranse materiais que supoñan un esforzo económico ou unha planificación especial por parte das familias.

Cando nun Departamento estíme oportuno substituír algún libro de texto antes da finalización do período de vixencia de cinco anos obrigatorio, deberase remitir á

Dirección do centro un informe coa debida xustificación antes de finalizar a segunda avaliación.

A Dirección do centro solicitará o cambio excepcional do libro de texto á Consellería competente en materia de educación, achegando o informe emitido dende o Departamento afectado. De non obterse resposta favorable antes da finalización das actividades lectivas do curso, manteríase o libro de texto correspondente e non se modificaría, por tanto, a listaxe oficial de libros de texto para o curso seguinte.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessardineira/node/1721>

### 1º ESO

Materias comúns Bioloxía e Xeoloxía (3h) Xeografía e Historia (3h)  
Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h +1h) Matemáticas (4h+1h)  
Primeira Lingua estranxeira (3h):

- Francés
- Inglés

Educación Física (2h)

Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) Segunda Lingua estranxeira (2h):

- Francés
- Inglés

Tecnoloxía e Dixitalización (3h) Titoría (1h)

SELECCIONAR UNHA:

Relixión (1h):

- Católica
- Evanxélica

Proxecto competencial (1h)

### 2º ESO

Materias comúns Física e Química (3h)

Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Matemáticas (4+1h)

Primeira Lingua estranxeira (3h):

- Francés
- Inglés

Educación Física (2h) Música (2h) Tecnoloxía e dixitalización (3h)

Segunda lingua estranxeira (2h)

- Francés
- Inglés Titoría (1h)

SELECCIONAR UNHA:

SELECCIONAR UNHA:

Relixión (1h):

- Católica
- Evanxélica Proxecto competencial(1h), proxecto competencial bilingüe en ING/FR

3º ESO

Materias comúns Bioloxía e Xeoloxía (2h) Física e Química (2h) Xeografía e Historia (3h)

Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Primeira Lingua estranxeira (3h):

- Francés
- Inglés Matemáticas (4)

Educación Física (2h) Música (2h)

Educación en Valores Cívicos e Éticos (1h)

Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) Tutoría (1h)

SELECCIONAR UNHA:

Relixión (1h):

- Católica
- Evanxélica
- Proxecto competencial (1h).

Proxecto competencial bilingüe en inglés (1 h). SELECCIONAR UNHA OPTATIVA :

Segunda lingua estranxeira (3h)

- Francés
- Inglés

Cultura clásica (3h) \* Oratoria (3h)\* Educación dixital (3h)

\*As materias de Oratoria e Cultura clásica soamente poderán ser cursadas unha vez, ou en 3º ESO ou en 4º ESO

4º ESO

Itinerario 1.

Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h)

Primeira Lingua estranxeira (3h):

- Francés
- Inglés

Matemáticas B (4h)

Educación Física (2h)

Tutoría (1h)

Itinerario 2.

Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Literatura (3h) Lingua Galega e Literatura (3h)

Primeira Lingua estranxeira (3h):

- Francés
- Inglés

Matemáticas A (4h)

Educación Física (2h)

Tutoría (1h)

Materias de opción itinerario 1.

Seleccionar unha:

Bioloxía e Xeoloxía (3h) + Física e Química (3h)

Economía e emprendemento (3h) + Latín (3h)

Materias de opción itinerario 2.

Seleccionar unha: latín (3h) / FOPP (3h)

Numerar por orde de preferencia as seguintes materias de opción:

Tecnoloxía (3h)

Segunda lingua estranxeira ING/FR (3h)

Dixitalización (3h) Música (3h)

Expresión artística (3h)



Economía e emprendemento (3h)  
Bioloxía, física e química, Latín, FOPP (3h)  
Optativas. Seleccionar 1  
Filosofía, cultura Clásica, oratoria e IA para a sociedade (3h)

**SELECCIONAR UNHA:**

Relixión (1h):  
- Católica  
- Evanxélica  
- Proxecto competencial (1h).  
- Proxecto competencial bilingüe en inglés, francés (1h)

**1º BACHARELATO LOMLOE**

**MATERIAS TRONCAIS XERAIS E OBRIGATORIAS**

Lingua Galega e Literatura I (3h); Lingua Castelá e Literatura I (3h); Filosofía (3h); Educación Física (3h) 1ª Lingua estranxeira I (3h):

- Inglés  
- Francés Escoller unha:  
- Relixión (1h)  
- Afondamento inglés (1h)  
- Afondamento de francés (1h)

**SELECCIONAR UNHA MODALIDADE**

**CIENCIA E TECNOLOXÍA ou HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS**

Matemáticas I (4h) Seleccionar unha:

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I (4h) Latín I (4h)  
Física e Química (4h)

Cursarase unha materia das seguintes:

Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4h) Tecnoloxía e Enxeñería I (4h)  
Debuxo Técnico I (4h)

Cursaranse dúas materias das seguintes:

Grego I (4h) Economía (4h)

Literatura Universal (4h) Latín I (4h)

Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais I (4h) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) Cursarase unha única materia das seguintes:

Segunda lingua estranxeira (4h)

- Francés  
- Inglés TIC I (4h)

Cultura científica (4h) Debuxo artístico I (4h) Anatomía aplicada (4h)

Literatura Galega do SXX e a Actualidade (4h) Antropoloxía (4h)

**2º BACHARELATO**

**MATERIAS COMÚNS**

Lingua Galega II (3h); Lingua Castelá II (3h); Historia de España (3h); Historia da filosofía (3h) 1ª Lingua estranxeira II (3h):

- Inglés  
- Francés

**MATERIAS DE MODALIDADE**

**1. CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

Matemáticas II (4 h), Matemáticas aplicadas ás CCSS II (4 h) (ELIXIR UNHA)

Cursaranse dúas materias:

Bioloxía (4h) Xeoloxía e CC ambientais (4h)

Debuxo Técnico II (4h) Física (4h)

Química (4h)

Tecnoloxía e enxeñería II (4h)

**2. CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES**

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II (4h)/ Latín II (elixir unha)

Cursaranse dúas materias:

Grego II (4h)  
Empresa e deseños de modelo de negocios (4h)  
Historia da arte (4h)  
Xeografía (4h)  
Latín II (4h)  
Matemáticas aplicadas ás CCSS (4h)

Materias optativas (cursarase unha) 4h  
Métodos estatísticos e numéricos  
Segunda lingua estranxeira II (ingl, fra)  
Tecnoloxía da información e a comunicación  
Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia  
Psicoloxía  
Materias de modalidade non cursadas

Cursare unha única opción (1 h)  
Relixión  
Afondamento francés, inglés  
Actividade física e profesional

O centro oferta tódolos anos:

Ciclo de grao medio de operacións de laboratorio: son 2000 h repartidas en dous cursos. 1º Química aplicada 240 h  
1º Mostraxe e operacións unitarias de laboratorio 213 h 1º Probas fisicoquímicas 187 h  
1º Seguridade e organización no laboratorio 133 h 1º Almacenamento e distribución no laboratorio 80 h 1º Formación e orientación laboral 107 h  
Total 1º(FCE) 960 h  
2º Principios de mantemento electromecánico 105 h  
2º Técnicas básicas de microbioloxía e bioquímica 123 h 2º Operacións de análise química 156 h  
2º Ensaio de materiais 123 h  
2º Servizos auxiliares no laboratorio 70 h 2º Empresa e iniciativa emprendedora 53 h Total 2º (FCE) 630 h  
2º Formación en Centros de Traballo 410 h

Ciclo de grao superior de Laboratorio de análise e control de calidade (réxime ordinario): 2000 h repartidas en 2 cursos.

1º Mostraxe e preparación da mostra 213 h 1º Análises químicas 320 h  
1º Ensaio fisicoquímicos 160 h 1º Ensaio microbiolóxicos 160 h  
1º Formación e orientación laboral 107 h Total 1º (FCE) 960 h  
2º Análise instrumental 226 h 2º Ensaio físicos 123 h  
2º Ensaio biotecnolóxicos 105 h  
2º Calidade e seguridade no laboratorio 123 h 2º Empresa e iniciativa emprendedora 53 h Total 2º (FCE) 630 h  
2º Proxecto de laboratorio de análise e de control de calidade 26 h 2º Formación en Centros de Traballo 384 h

Ciclo de grao superior de Química Industrial en réxime ordinario: 2000 h repartidas en 2 cursos. Este ciclo ten convenio específico coa empresa Repsol.

1º Transporte de sólidos e fluídos 160 h  
1º Operacións básicas na industria química 266 h  
1º Mantemento electromecánico en industrias de proceso 133 h 1º Formulación e preparación de mesturas 107 h

1º Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos 107 h 1º Prevención de riscos en industrias químicas 80 h  
1º Formación e orientación laboral 107 h Total 1º (FCE) 960 h

2º Organización e xestión en industrias químicas 70 h 2º Xeración e recuperación de enerxía 157 h

2º Reactores químicos 140 h

2º Regulación e control de proceso químico 210 h 2º Empresa e iniciativa emprendedora 53 h

Total 2º (FCE) 630 h

2º Proxecto de industrias de proceso químico 26 h 2º Formación en Centros de Traballo 384 h

En 1º curso deste ciclo superior desenvólvese o Programa de sección bilingüe inglés, no módulo de Formulación e preparación de mesturas.

Ciclo de grao superior de Laboratorio de análise e control de calidade (réxime adultos): ten diferentes itinerarios que permiten completar as 2000 h en tres, catro

ou cinco cursos académicos, dependendo do tempo do que dispoña a persoa para o estudo. Os módulos son os mesmos que o ciclo de ordinario, cambiando o

reparto destes segundo o itinerario. Ver horarios curso 2022/2023.

Ciclo de grao superior de Química Industrial modalidade Dual: repartida a formación entre centro educativo e empresa en 2 cursos. Este curso cóntase con dous grupos: un deles ten convenio específico coa empresa Repsol (5ª promoción) e o outro grupo ten convenio coa empresa Hijos de Rivera (2ª promoción) e convócase cada dous anos: no anterior curso académico ofertouse 1º e neste curso 2022/2023 realizarase 2º. Os módulos son os mesmos que no ciclo de ordinario, aínda que o seu repartido entre os cursos non. O número de horas de formación no centro educativo (FCE) tamén é distinto, xa que parte destas horas asúmeas a empresa:

- Dual Repsol, arredor do 53% das horas dos módulos realízanse no instituto e o resto na empresa. Ver convenio.
- Dual Hijos de Rivera: o 65% das horas dos módulos realízanse no instituto e o resto na empresa. Ver convenio.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Considéranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Instituto e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo, espazo ou recursos que utilizan.

Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do Centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. As actividades extraescolares realizánsese fose do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscasen a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Os departamentos didácticos propoñen nas súas programacións didácticas diversas actividades complementarias e extraescolares que contribúen a reforzar e contextualizar a aprendizaxe e o enfoque global de todas as disciplinas. Os criterios empregados para o deseño das actividades complementarias deberán:

Completar a educación do alumnado a través das actividades complementarias e extraescolares. Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e ao seu benestar emocional.

Reforzar os valores de colaboración, compañeirismo, esforzo, convivencia, creatividade e respecto. Fomentar a capacidade creativa.

Fomentar a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa. Ofrecer actividades formativas, culturais, sociais e integradoras.

Coordinar materias e actividades de distintos ámbitos.

Promover a integración, a sensibilización e o sentimento de pertenza a unha comunidade educativa.

Posibilitar o acceso a actividades culturais e sociais a todo o alumnado e en especial, ao alumnado máis vulnerable.

Complementar os coñecementos adquiridos na aula.

Fomentar as relacións e actividades interdepartamentais e con outros centros educativos. Fomentar as actividades de carácter deportivo e as prácticas saudables.

Promover a participación nos proxectos, programas, plans e actividades que permitan reforzar o complementar a formación do noso alumnado.

Fomentar o uso da Biblioteca e apoiar o traballo e as actividades da mesma. Colaborar cos diferentes departamentos didácticos e grupos de dinamización.

Complementar o desenvolvemento das competencias básicas mediante as medidas organizativas e de relación entre os membros da comunidade educativa.

Favorecer a integración e a boa convivencia do alumnado, o profesorado e o resto da comunidade educativa, nun marco de respecto e colaboración.

Estar distribuídas de forma racional ao longo do curso, para todos os niveis, intentando non prexudicar ao resto das materias, realizando as actividades durante as sesións de clase do mprofesor/departamento organizador sempre que sexa posible, e respectando en todos os casos as actividades xa programadas e a norma de NON realizar actividades dúas semanas antes das datas de avaliación fixadas por xefatura, agás aquelas actividades que poidan realizarse durante as sesións de clase propias.

Procurarase non organizar actividades extraescolares e para o alumnado de 2º de Bacharelato, salvo circunstancias excepcionais. No caso das actividades complementarias procurarase que teñan lugar na hora de clase do departamento organizador. Non se considererán AAEECC as sesións de orientación académica.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Para a ESO:

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar ou, no caso das materias de continuidade, polo profesorado do curso no que estea matriculado o alumno, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para o Bacharelato:

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Organizaranse as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, segundo consta nas programacións didácticas dos departamentos, e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Para a ESO:

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado

e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Para a ESO:

Avaliación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da

avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III do decreto 156/2022.

Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente,

coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

#### Promoción:

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

#### Titulación:

Obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

#### Para o Bacharelato:

##### Avaliación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo do decreto 157/2022.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

##### Promoción:

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

##### Titulación:

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación,

incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

En Bacharelato, atenderase á nota media desta etapa.

En ciclos formativos en caso de empate, teranse en conta por orde os seguintes criterios: O alumno que acade unha maior nota media no segundo curso.

O alumno que acade unha maior nota media no primeiro curso.

A comparativa das notas acadadas nos módulos de maior carga horaria.

En caso de seguir o empate tomarase unha decisión en base ao criterio do equipo docente.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas das distintas materias están na web do centro, no apartado dos Departamentos. <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessardineira/node/1721>

É o profesor de cada materia e nivel quen elabora a programación didáctica, que será revisada pola Xefatura de Departamento antes de ser entregada á Dirección do centro para a súa entrega a Inspección. Se varios profesores do Departamento deran o mesmo nivel, será a Xefatura do Departamento quen asigne o nivel que cada profesor debe elaborar. A programación será única para cada nivel, independentemente dos grupos existentes por nivel.

O informe que xeran as aplicacións corporativas tanto para ESO,Bac como para Ciclos formativos. Estas programacións serán publicadas polos Departamentos, ou no seu defecto, un resumo de dito modelo asinado por todo o Departamento. En cumprimento da lei, os Departamentos procurarán incluír o tratamento da igualdade de xénero e a non discriminación, tratando estes contidos na aula e nas actividades que se programen, coa finalidade de conseguir unha sociedade máis xusta, sá e igualitaria

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Criterios para participar en proxectos, plans e programas:

Profesorado de distintos Departamentos coordinarán e se responsabilizarán dos diferentes proxectos, plans ou programas.

Haberá unha memoria final que avaliará cando menos o grao de cumprimento e aproveitamento dos proxectos. Os proxectos, plans e programas estarán en consoancia co proxecto educativo do centro.

Estes proxectos, plans e programas serán aprobados polo consello escolar ou o equipo directivo, se procede.

Os proxectos, plans e programas serán recollidos na PXA, programación de AACCEE e acatarán o aprobado nestes documentos aprobados polo Consello Escolar.

Fomentarán a igualdade, a inclusión, e a non discriminación do alumnado, por razóns de xénero, identidade sexual ou outras causas.

Buscarán a mellora da convivencia do centro, a excelencia académica, a mellora dos resultados académicos, o benestar emocional da comunidade educativa, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade, a apertura á comunidade, a visibilización positiva do centro e a potenciación do uso da lingua galega.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A actualización e seguimento da Concreción curricular debe facerse cada curso escolar.

A concreción curricular é un documento que debatirase no seo da CCP e calquera modificación necesitará da aprobación do Claustro de Profesorado.

A CCP velará polo cumprimento da Concreción curricular

Na memoria anual procederase a avaliar e analizar esta Concreción. Cando menos avaliarase: Grao de cumprimento dos obxectivos

Grao de adquisición das competencias

Elementos transversais traballados durante o curso

Grao de adecuación da metodoloxía ao contexto social e cultural do alumnado Materiais e recursos didácticos empregados

Adecuación da oferta educativa, itinerarios e optatividade a nosa contorna. Porcentaxe de actividades complementarias e extraescolares realizadas

Grao de éxito dos plans de reforzo ou de recuperación. Porcentaxe de alumnado que recupera.

Revisión do deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

Resultados da avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación. Análise. Análise dos criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.

Grao de participación do centro en proxectos, plans e programas. Análise de éxito para o alumnado e o profesorado e dos beneficios.

## **o) Outros apartados**

### **1. Outros apartados**

Non hai máis aportacións.